



Servizo de Sanidade Ambiental

|                     |                                                           |
|---------------------|-----------------------------------------------------------|
| <b>Asunto</b>       | SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL |
| <b>Proxecto</b>     | PARQUE EÓLICO COTO LOUREIRO                               |
| <b>Promotor</b>     | ADELANTA CORPORACIÓN, S.A.                                |
| <b>Localización</b> | CONCELLOS DE LARACHA E CERCEDA (A CORUÑA)                 |
| <b>Expediente</b>   | IN408A 2018/37                                            |

**SOLICITANTE:** Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

#### FEITOS :

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 18/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/576744, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019.
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Informe Técnico: "Campos electromagnéticos y salud pública". Ministerio de Sanidad. Mayo 2001.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

## INFORME:

### 1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase có obxectivo de identificar e valorar os impactos no medio ambiente do proxecto obxecto de estudo que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde pública. Para iso avalíase a documentación recibida con relación a dito proxecto.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha





vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, operación e desmantelamento. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

## 2. AVALIACIÓN

### 2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

Refírese que o Parque Eólico Coto Loureiro localízase dentro dos termos municipais de Laracha e Cerceda, pertencentes a provincia de A Coruña.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a





unha distancia mínima de 537 m do aeroxerador 9, pertencentes ao núcleo de poboación de O Portodoso.

Na contorna do proxecto e a menos de 1360 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais e servizos públicos nos núcleos potencialmente afectados, que son: Villamir, A Fraga, Saldante, Convento, A Abeleira de Bocixa, Boimir, Encián, A Bouza, O Portodoso, Silvos, A Castiñeira, A Orraca, Vilariño, O Igrexario, A Ferreira, O Xestal, Baldomir, San Fins, A Cerdeira, San Cristovo, O Ramallal, Folgueiros, O Vilar do Boi, Groba, Fragoso, O Seixo, Gosende, Os Bidueiros, Golán, Bocixa, Samir e O Abruñedo.

Indica que o PE se sitúa a uns 3 km do núcleo de Cerceda e a uns 5 km de A Laracha, atopándose a maioría dos aloxamentos de turismo a máis de 5 km, estando o máis próximo a unha distancia de 2 km do aeroxerador 1.

Non se refire ningunha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización da poboación próximas en relación a poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables.

## 2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

### a) Contaminantes.

- Augas residuais.
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos.
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.





- c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.
- d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc.
- e) Electrocución.
- f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.
- g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)
- h) Outros:
  - Pragas e vectores.
  - Arrastre de sedimentos.
  - Incendios.
  - Vertidos accidentais.
  - Outras emerxencias.

### 2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

#### 2.3.1 Aire

•Identifícase emisións de po e partículas na fase de construción e abandono, como consecuencia do transporte de materiais e da circulación de vehículos, estimando un impacto compatible con efectos significativos con tempo seco. Contempla medidas correctoras e protectoras como son regos das superficies afectadas sempre que sexa necesario ou a cobertura dos camiós con lonas. Refire protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, mediante inspeccións visuais con frecuencia semanal que verifiquen o cumprimento das medidas correctoras e protectoras propostas.





Refire a execución de voaduras, indicando a coordinación ca autoridade correspondente para levar a cabo a neutralización do tráfico, ante o perigo de proxección de fragmentos de roca a contorna. Non refire a afectación dos niveis sonoros nin presenta medidas correctoras nin protectoras.

- Identifícase emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de construción e abandono debido ao tráfico inducido na zona de maquinaria asociada ás obras, considerando un nivel de emisión pouco significativo debido á duración da obra e a pequena cantidade de maquinaria utilizada. Refire medidas como a utilización de maquinaria con distintivo CE e cumprimento das inspeccións técnicas regulamentarias e seguimento no plan de vixilancia ambiental mediante o seguimento das medidas propostas.

Refírese ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF<sub>6</sub>), gas sintético e inerte que se emprega nas celas da subestación.

- Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obras (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).

Non se dispón dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación. Refire á afectación dos niveis sonoros nesta fase pola acción da maquinaria, e considera un impacto compatible, sempre e cando se cumpran as medidas e o plan de vixilancia ambiental proposto. Considera levar a cabo un control dos niveis acústicos da maquinaria, empregando un sonómetro conforme ao descrito no marco legal vixente.

Refire que as fontes principais de ruído na actualidade, na contorna do parque, proceden do tráfico, de actividades agrícolas e forestais e ao ruído natural pero non presenta un estudo preoperacional mediante medicións reais, que indiquen o cumprimento cos limiares establecidos no Real Decreto 1367/2007.





Faise unha estimación teórica na xeración de ruído no escenario máis desfavorable posible, tendo en conta as características das turbinas, e sen considerar o ruído de fondo. Para a realización do modelo predictivo empregouse o software de predición acústica Cadna-A, mostrando mapas de curvas isófonas para os índices  $L_{den}$  (molestia global para o día, tarde e noite) e  $L_n$  (nivel sonoro medio para os períodos nocturnos). Conclúese que non se ve afectada ningunha poboación xa que todos os núcleos rurais atópanse fora das bandas acústicas superiores aos 50-55 dB(A) para o índice  $L_{den}$ . En canto ao período nocturno tampouco prevé afección acústica debido a que os núcleos de poboacións existentes atópanse fora das bandas acústicas superiores aos 45 dB(A).

Para realizar dito estudo, indica que os receptores se situarán formando unha malla, a unha distancia de 10 m entre cada un, e a unha altura de 4 m sobre o nivel do solo.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aerogeradores e o ruído de fondo, indica que non hai diferencias notables entre a situación sen proxecto e co parque eólico en funcionamento, polo cumprimento dos niveis sonoros establecidos na lexislación nas vivendas máis próximas.

Considera aplicar medidas correctoras e protectoras, durante a fase de construción mediante a revisión da ITV da maquinaria e a planificación horaria dos traballos, e durante a fase de explotación mediante a limitación de potencia dos aerogeradores, coa conseguinte redución de emisión de ruído, o cal se activará no caso de que se incumpran os limiares vixentes ou existan queixas veciñais. Realizarán controis acústicos durante o primeiro ano de explotación para avaliar dita incidencia e establecer as medidas oportunas.

Sinala que no entorno do proxecto (envolvente de 5 km) hai 6 parques eólicos, dous en explotación ou autorización e catro en tramitación, e a distancia ao máis próximo (PE Pena Galluda) é de 555 m. Refire a realización dun estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos cos elementos doutros proxectos, e cas liñas eléctricas, identificando aquelas que se localizan a menos de 10 km de distancia, pero non presenta unha avaliación mediante modelado dos resultados obtidos de dito estudo. Conclúe que non se prevén afeccións acústicas significativas, debido a





que considera que para fontes colindantes as diferenzas de presión sonora superiores a 10 dB(A) supoñen o incremento da presión sonora resultante de 0,5 dB(A), en base ao "Manual de restauración de terrenos y Evaluación de impactos ambientales en Minería" do Instituto tecnolóxico e xeomineiro de España (1989).

Realiza o cálculo do efecto coroa para a liña de conexión do parque eólico, aínda que conta con proxecto separado, indicando que para a LAT DE 220 kV os valores da tensión crítica disruptiva obtidos son de 477 kV para tempo húmido, superior á tensión máxima elevada da rede de 245 kV, polo que conclúe que non hai efecto coroa.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

#### •Campos electromagnéticos

O Parque Eólico Coto Loureiro está composto por:

- 14 aerogeradores, 13 de eles de 3,6 MW de potencia nominal e o restante de 3,2 MW, con potencia total instalada de 50 MW, 105 m de altura de buxe e diámetro de rotor de 136 m. Con transformador de 0,65/30 kV cada un.
- Unha torre de medición eólica.
- 1 subestación (30/220 kV) e 1 edificio de control.

Os centros de transformación dos aerogeradores se atopan interconectados entre si mediante unha liña subterránea a tensión de 30 kV que se interconectan a unha subestación de transformación da que parte a liña de interconexión co sistema eléctrico xeral. Dende a subestación proxectada deséñase unha liña aérea en tensión de 220 kV ata a subestación colectora PE Monte Inxeiro, dita SEC integra diferentes proxectos eólicos, todos eles con conexión final ao nó da rede eléctrica de transporte Mesón do Vento (220 kV).





Indica que as subestación colectoras e liñas de interconexión 220 kV, serán obxecto doutros expedientes, con proxecto técnico independente ao presente.

No referente aos campos electromagnéticos, no estudo presentado dos mesmos toma como referencia os limiares do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias.

Este Decreto limita os campos electromagnéticos na proximidade das instalacións de alta tensión ao indicado no RD 1066/2011, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100  $\mu$ T respectivamente, en zoas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Presenta un estudo de estimación dos campos electromagnéticos xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque.

Indica que ao respecto dos campos magnéticos se ten en conta o establecido no Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, en canto a diminución dos campos magnéticos nas liñas subterráneas, conforme se incrementa a distancia lateral, e ofrece un valor aproximado de 29  $\mu$ T no caso máis desfavorable. En canto aos aeróxeradores indica que contan con certificado de cumprimento da Directiva 2014/30/UE, o que garante que os seus niveis de inmisión de campo magnético mantense por debaixo do limiar legal. En canto aos valores obtidos nos límites da SET, indica que están moi por debaixo dos valores máximos recomendados, obtendo valores de 24  $\mu$ T concluíndo que non é necesarios levar a cabo medidas de restrición debido a que valora o impacto como compatible.

En canto aos valores dos campos eléctricos, refire o cumprimento da Norma UNE-EN 62110 de maio de 2013 en canto aos campos eléctricos e magnéticos xerados por sistemas de alimentación en corrente alterna.





### 2.3.2 Augas

- Aguas de consumo

Indica que os lugares de traballo disporán de auga potable e refire á realización de análises da auga destinada ao consumo humano para garantir a súa potabilidade.

Indica que non se disporá de conexión á rede pública de subministro de augas, polo que colocarán un depósito de auga, duns 20 m<sup>3</sup> de capacidade, adecuado para satisfacer as necesidades da instalación. Dito depósito deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público.

Contempla a instalación de duchas e lavabos, con dotación de auga quente e fría, nos lugares de traballo. Non refire o cumprimento dos requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existe na contorna do proxecto, captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC), estando a máis próxima a unha distancia de 3300 m do aeroxerador 2.

- Aguas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, indica o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Considera isto como un impacto moderado debido a que a maioría dos movementos principais de terras localízanse a máis de 100 m de calquera zona de policía e a máis de 200 m do Dominio Público Hidráulico. Contempla a aplicación de medidas protectoras e correctoras, como realizar o amasado do formigón preferiblemente en formigoneiras ou no seu defecto sobre chapas metálicas ou superficies impermeables.





Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental mediante a comprobación do correcto funcionamento dos drenaxes executados e a elaboración dun plan de control da calidade das augas que se poidan ver afectadas.

Indica que previamente ao inicio das obras contarase ca preceptiva autorización do organismo de bacía competente para a execución das mesmas.

- Augas residuais/vertidos

- Augas residuais sanitarias

Menciona que a xestión das augas residuais fecais, durante a fase de construción, efectuarase mediante sanitarios químicos, polo que non contempla ningún vertido ao dominio público hidráulico. En canto ao edificio de control, indica que contará cunha fosa séptica para as augas residuais, a cal será estanca e o seu contido será retirado periodicamente por un xestor autorizado.

- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra.

Indica que no caso de que se produza un vertido accidental, actuarase ca maior brevidade posible, utilizando sistemas antiderrame e sistemas de contención de sedimentos, en caso de ser necesario.

Refire que o almacenamento de residuos perigosos farase en zonas baixo cuberto e en contedores impermeables. Contempla realizar as labores de limpeza, mantemento e reparación en talleres autorizados, para minimizar o impacto producido por vertidos accidentais de substancias contaminantes.

- Vertidos procedentes de transformadores á intemperie.

Contempla a instalación de depósitos para a recollida de aceite do transformador de potencia, de 25.000 litros de capacidade, o cal disporá dun revestimento impermeabilizado para evitar vertidos accidentais.





### 2.3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra e explotación, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de construción, explotación e abandono do parque de acordo ao código LER, estimando a cantidade de cada tipo de residuo, detallando as medidas de xestión e almacenamento.

Indica que o edificio de control contará con áreas deseñadas para o almacenaxe de produtos perigosos e de residuos, e disporán de contedores para envases nas inmediacións dos lugares de traballo do persoal de obra, en caso necesario instalarán contedores de recollida selectiva nas instalacións auxiliares da obra.

Para o almacenamento de sustancias perigosas seguirase instrucións para unha correcta segregación e etiquetaxe, segundo o tipo de perigosidade, e entrega a un xestor autorizado.

Refire medidas preventivas como a formación dos traballadores e un programa de vixilancia ambiental, tanto na fase de obra como en explotación, mediante a revisión e documentación de que a xestión de residuos perigosos realízase conforme ca normativa vixente.

- Produtos perigosos

Indica que se disporá de espazos específicos para o almacenamento de residuos perigosos os cales cumprirán co Real Decreto 656/2017, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ 0 a 10, indicando que estarán provistos de bidóns cubertos e protexidos, e feitos de material impermeable e resistente.





Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases de sustancias perigosas, filtros e baterías entre outros, procedendo a maioría da fase de explotación, derivados do mantemento e reparación.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non se menciona o emprego de herbicidas nin biocidas durante as labores de eliminación ou control da vexetación. No caso da súa utilización, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.

Refire o emprego de hexafluoruro de xofre ( $SF_6$ ) nas celas da subestación, indicando que serán de tipo blindado. Contempla que o seu enchido nos interruptores da apartamenta realizárase a presión de traballo indicada polo fabricante. Detalla que na súa recepción comprobarase a densidade do gas e a presión indicando que a casa construtora do interruptor deberá revisar a montaxe e dar a súa aprobación ao mesmo. Non se recolle como se fará o manexo do mesmo. Este tipo de illantes deberán someterse aos estándares e recomendacións de manexo establecidos ao respecto, de xeito que se garanta que na realización dos traballos na carga e descarga dos equipos que os empregan, se contemplen as medidas de seguridade axeitadas, evitando contaminacións do medio, das que se poidan derivar afeccións á poboación ou aos traballadores. Dado que o  $SF_6$  é un dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados, pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, deberían contemplarse as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Non refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.





Deberán cumprir as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

#### 2.3.4 Outras consideracións

##### •Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1360 m, dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.

Presenta un Anexo do análise de sombras, no cal se indica que se realiza un estudo do potencial impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO no peor dos escenarios (teórico), non realiza o estudo para un caso real. Para levar a cabo a análise se identificou o ámbito de estudo, delimitado por un radio de 1360 m dende a situación dos aeroxeradores, identificando un total de 419 receptores nos núcleos de poboación máis próximos.

Tras o estudo conclúe que son 121 as edificacións que superan o limiar das 30 h/ano de efecto parpadeo, calculadas sobre a base do peor caso.

Da revisión destes datos se desprende que en 8 núcleos de poboación se presentan receptores que duplican o valor de 30 h/ano, é o caso de O Ramallal, O Vilar do Boi, O Seixo, A Orraca, Silvoso, Saldante, O Abruñedo e Encián.

É importante ter en conta, que o limiar para o "caso real" é de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos".

(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>).





Contempla a programación dunha parada técnica temporal dos aeroxeradores implicados, solos ou combinados, no caso de confirmación da superación do limiar establecido.

Refire o desenvolvemento dun plan de seguimento específico durante o primeiro ano, nos receptores que poden superar o limiar, para verificar o cumprimento dos limiares de referencia establecidos.

Refire unha análise dos parques eólicos situados no entorno do PE Coto Loureiro, tanto existentes como en execución ou en tramitación, e a distancia aos máis próximos (PE Pena Galluda, PE Pico Cedeira e Meirama) é de 555, 1504 e 615 m respectivamente. Tras a análise fai referencia aos receptores localizados na intersección da zona de afección cos PE de Pico Cedeira e Meirama indicando que dentro de dita área se atopan 29 receptores sobre os que podería existir un efecto sinérxico, pero indica que ditos parques se atopan en tramitación ou nova solicitude, non ofrecendo os valores obtidos de dita simulación. En canto ao PE Pena Galluda, o cal se atopa en explotación, conclúe que non produce efecto sinérxico ao non existir receptores na súa área de afección.

Cabe resaltar que nesta dirección xeral, na actualidade, estase resolvendo unha solicitude de renovación do PE Pena Galluda, con número de expediente 2021/0109, debido á solicitude de cambio do aeroxerador actual, de 46 m de diámetro de rotor, por outro maior, de 126 m de diámetro, polo que se inclúen varias poboacións dentro do seu radio de acción que deberán ser analizadas no estudo de sinerxias de sombras (San Fins, Baldomir, O Xestal, O Seixo e O Vilar de Boi).

- O proxecto inclúe un estudo onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte a accidentes graves e/ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais tanto internas (accidentes con sustancias perigosas, incendios, etc.) como externas (movimentos sísmicos, inundacións, tormentas eléctricas, etc.) , así como a avaliación de si as ameazas identificadas se producirán. Da análise conclúese que tanto os niveis de risco como a vulnerabilidade do proxecto son baixos, ca excepción da consideración da zona de implantación de alto risco de incendio forestal, indicando que o risco diminúe por contar cun plan de emerxencias, no que se inclúe





un Plan de Prevención contra incendios forestais, no cal se contempla a presenza en obra de medios de extinción, especialmente nos períodos estivais e durante a execución da roza e a execución dunha instalación de detección de incendios.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

Indica que para o risco eléctrico asociado á subestación, se dará cumprimento ao RD 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade contra os incendios en Establecementos Industriais.

Descarta o risco de accidentes graves relacionados co proxecto debido a que os volumes de residuos perigosos almacenados son moi pequenos, indica que no caso de producirse vertidos tomaranse medidas para impedir a afección ao medio.

- Indica que solicitarase a todos os provedores de maquinaria de obra todas as certificacións que garantan que cumpren ca normativa ambiental aplicable e o seu correcto estado de funcionamento.

- Respecto ás medidas de seguridade en control de acceso do público, refire o cumprimento do RD 223/2008 de 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, tan só refire como medida de control unha correcta xestión da biomasa vexetal eliminada, procedendo a súa trituración e espaxamento de maneira homoxénea, para permitir a rápida incorporación ao solo e diminuír o risco de pragas.





### 3. CONCLUSIÓNS

•O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudo se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque eólico Coto Loureiro desenvolvida ao longo do noso informe, e sen prexuízo das atribucións na materia dos organismos competentes, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración:

- Non se refire ningunha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables.

- Non se dispón dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación e tampouco presenta un estudo preoperacional, mediante medicións reais, que sirva como nivel de referencia, para avaliar a incidencia do parque eólico sobre os niveis sonoros da contorna.

En canto aos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna, e tendo en conta a existencia de poboación próxima, dende esta dirección xeral recomendamos a realización dunha avaliación dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación ao PE Pena Galluda, a raíz do cambio proposto do aeroxerador existente.

- O depósito previsto para o abastecemento de auga de consumo público, deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público.

- De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria ou de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización, deberán





cumprirse os requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose.

◦ Non se menciona o emprego doutros produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións e mantemento das mesmas, a súa xestión ou a súa eliminación:

- Biocidas: no caso da súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.

- Fitosanitario (herbicidas), no caso de que non existira outra alternativa que xustifique o emprego dos mesmos, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego destes.

◦ Ao respecto do emprego do hexafluoruro de xofre ( $\text{SF}_6$ ) nos equipos eléctricos, non aporta recomendacións nin medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

◦ Non se indica a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais perigosos empregados.

◦ Non presenta resultados do estudo de parpadeo de sombras para o "caso real", especialmente tendo en conta o alto número de receptores que superan o limiar establecido no estudo realizado para o caso máis desfavorable. Deberá aplicar as medidas mitigadoras expostas no caso de superar o limiar de 8 h/ano, para o "caso real", e non 30 h/ano, como se refire na documentación, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos".

(<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>)





- Non presenta unha avaliación dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos en relación aos Parques Eólicos Pico Cedeira e Meirama, a pesar de que se superan os limiares establecidos en relación ao parpadeo de sombras, para o caso máis desfavorable, en 13 dos 29 receptores existentes na área de afección. No caso do Parque Eólico Pena Galluda, non se avalían os efectos derivados do novo aeroxerador, para o estudo de sinerxias de sombras.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de construción ou operación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

